

## Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal para o día 30 de xullo de 2018 (Pleno 07/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Decreto de 24 de xullo, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 30 de xullo ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

<b>Sesión de:</b> Pleno	<b>Data da sesión:</b> 30/07/2018
<b>Convocatoria:</b> Sesión 07/2018	<b>Hora:</b> 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (26/06/2018). Aprobación.
- 2.- Declaración institucional sobre o respecto e a decisión das mulleres.
- 3.- Acordo regulador da condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo. Aprobación. (CIFECRIC de 23/07/2018).
- 4.- Convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Carballo. Aprobación. (CIFECRIC de 23/07/2018).
- 5.- Modificación presupostaria. Expediente de crédito extraordinario 2/2018. Aprobación. (CIFECRIC de 23/07/2018).
- 6.- Modificación presupostaria. Expediente de transferencia de crédito 3/2018. Aprobación. (CIFECRIC de 23/07/2018).
- 7.- Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada nº 6427/2018 de 17 de xullo, solicitando que se acometan melloras na estrada Carballo-Razo. (CIFECRIC de 23/07/2018).

### 8.- Seguimento de órganos de goberno:

8.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da Lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a Lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao segundo trimestre de 2018. Toma de coñecemento.

8.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución segundo trimestre de 2018. Toma de coñecemento.

### 8.3.- Resolucións da Alcaldía.

### 8.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

### 8.5.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sívase asinar a presente.

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2018/G010/000007

Carballo, a 24 de xullo de 2018

A Secretaria Accidental  
Susana Mariño Lorenzo